




**N**a visita a Alemaña realizouse o traballo propio do proxecto Comenius no que estamos inmersos ("Auga, auga por todas partes) e que foi levado a cabo polos membros do grupo de traballo (tres de Inglaterra, dous de Alemaña e dous de Santiago; o de Irlanda do Norte non puido asistir) ademais de observar o colexio, instalacións, funcionamento, visitas ás aulas, etc... Fíxose unha posta en común do programado para esta mobilidade segundo o seguinte plan de traballo:

- Recepción dos traballos de todos os socios.
- Estudo comparativo dos ríos locais (Sarela, no noso caso), segunda parte. Resultados do mesmo (non moi positivos, por desgraza: nunha escala de 1-5, obtivo 3);
- Pesca na área local (cantidades, especies);
- Traballos de expresión artística sobre tormentas, naufraxios, desastres ecolóxicos;
- Invento de Tregrouse (artiluxio para rescatar náufragos).



manuais, cun forno para cocer barro; outra para expresión artística, un salón onde os pais/nais poden celebrar con invitados -previa petición do mesmo- os aniversarios dos alumnos, e finalmente unha moi pequena onde os alumnos/as poden descargar a enerxía que moitas veces lles impide a concentración dentro da clase: tiña un boneco



O primeiro día, o Director e a Xefa de Estudos mostráronos todo o edificio. Ten dúas liñas (dúas clases por nivel, dende primeiro ata sexto de ensinanza primaria). Na entrada e nas paredes dos corredores había traballos dos nenos/as, moitos deles sobre o tema do proxecto. Chamounos a atención o colorido do edificio por dentro: todas as aulas eran de distinta cor, cores moi agradables, que foron escollidas por cada titor/a. Ademais das aulas propias de cada titoría, hai que destacar unha coxina onde os alumnos/as reciben clases e fan prácticas de coxina e repostería; outra de traballos



grande, de espuma, e uns guantes de boxeo. A continuación dirixímonos ao polideportivo que se transforma, cando a necesidade o require, nun salón de actos. Nel o alumnado deunos a benvida en español, inglés e alemán. Alí agasalláronos con bailes rexionais, obras de teatro e cancións, algunhas delas interpretadas por todo o colexio (destacar aquí o bo comportamento de todos eles, so aplausos, sen alborotos nin asubíos).